



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias setembro 2022

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro do ano 2022 acadou a cifra de 1.049.346 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de agosto de 2022 de 5.985 afiliacións (-0,57%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.180.287, rexistrando un incremento do 0,15% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2022 con setembro de 2021) obsérvase un aumento de 15.118 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,46%) e un aumento do 3,32% (649.176 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2022, rexístrase unha baixada das afiliacións en dez comunidades autónomas, destacando Illes Balears (-2,48%), mentres que en sete comunidades autónomas suben as afiliacións, especialmente en La Rioja (2,76%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2022	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.180.287	29.286	0,15	649.176	3,32
Galicia	1.049.346	-5.985	-0,57	15.118	1,46
Andalucía	3.251.254	-9.310	-0,29	92.330	2,92
Aragón	589.198	-2.516	-0,43	10.201	1,76
Asturias	372.817	-6.060	-1,60	6.293	1,72
Illes Balears	591.408	-15.014	-2,48	48.148	8,86
Canarias	852.802	12.532	1,49	55.314	6,94
Cantabria	226.300	-5.319	-2,30	2.035	0,91
Castilla La Mancha	756.106	2.407	0,32	15.164	2,05
Castilla y León	946.880	-2.224	-0,23	13.709	1,47
Cataluña	3.613.362	20.602	0,57	134.794	3,87
Comunitat Valenciana	2.016.423	-3.029	-0,15	69.550	3,57
Extremadura	407.849	-4.718	-1,14	2.949	0,73
Madrid	3.431.147	45.272	1,34	142.895	4,35
Murcia	618.300	-7.650	-1,22	12.728	2,10
Navarra	300.199	43	0,01	6.090	2,07
País Vasco	975.890	6.596	0,68	17.415	1,82
La Rioja	135.854	3.644	2,76	4.672	3,56
Ceuta e Melilla	45.152	16	0,04	-228	-0,50

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,30%, o que supón 10.172 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,06%), Ourense (0,49%) e, por último, Lugo (0,45%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,57%. Lugo presenta o maior descenso cunha taxa de variación intermensual do -0,99%, seguida de Pontevedra (-0,71%), A Coruña (-0,44%) e Ourense (-0,09%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2022	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	451.758	-2.019	-0,44	10.172	2,30
LUGO	124.426	-1.246	-0,99	562	0,45
OURENSE	104.310	-91	-0,09	508	0,49
PONTEVEDRA	368.854	-2.629	-0,71	3.876	1,06
GALICIA	1.049.346	-5.985	-0,57	15.118	1,46
ESPAÑA	20.180.287	29.286	0,15	649.176	3,32


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,35% das afiliacións galegas en setembro de 2022, diminuíu un 0,64% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,17%. En España estas taxas foron do 0,17% con respecto a agosto de 2022 e do 3,95% en relación ao mes de setembro de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,83%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-2,00%), Ourense (-1,53%), A Coruña (-1,00%) e Pontevedra (-0,83%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,16%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2022, baixan as catro provincias galegas; Pontevedra (-0,34%), Lugo (-0,33%), A Coruña (-0,27%) e Ourense (-0,22%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,30%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,30% e unha subida intermensual do 0,07%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a setembro de 2021, suben Lugo (1,35%), Pontevedra (0,24%) e A Coruña (0,00%). A taxa galega acaba entón o 0,26%, inferior á de España (2,48%). Con respecto a agosto de 2022, A Coruña e Lugo presentan un aumento do 1,35% e 1,13% respectivamente, mentres que Pontevedra presenta un descenso do 1,13%. A taxa galega amosa un descenso do 0,27% con respecto a agosto de 2022. A taxa nacional é do -3,14%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	451.758	-0,44	2,30
LUGO	124.426	-0,99	0,45
OURENSE	104.310	-0,09	0,49
PONTEVEDRA	368.854	-0,71	1,06
GALICIA	1.049.346	-0,57	1,46
ESPAÑA	20.180.287	0,15	3,32
R. XERAL			
A CORUÑA	361.775	-0,51	3,14
LUGO	90.620	-1,26	1,34
OURENSE	81.381	-0,05	1,07
PONTEVEDRA	288.425	-0,77	1,55
GALICIA	822.202	-0,64	2,17
ESPAÑA	16.784.048	0,17	3,95
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.336	-0,27	-1,00
LUGO	32.250	-0,33	-2,00
OURENSE	22.929	-0,22	-1,53
PONTEVEDRA	67.496	-0,34	-0,83
GALICIA	207.011	-0,30	-1,16
ESPAÑA	3.329.863	0,07	0,30
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.646	1,35	0,00
LUGO	1.555	1,13	1,35
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.932	-1,13	0,24
GALICIA	20.134	-0,27	0,26
ESPAÑA	65.360	-3,14	2,48

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>